

## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*ACORDO do 26 de xuño de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construcción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no concello de Narón (expediente IN407A 2025/008-1).*

Expediente: IN407A 2025/008-1.

Solicitante/promotora: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: LMT, CTC, RBT Faísca.

Concello: Narón.

#### 1. Características técnicas:

– Centro de transformación compacto manobra exterior 2L+1P, cunha potencia de 400 kVA, e unha relación de transformación 15000/400 V en substitución do actual CT Faísca-15 CP74 da mesma potencia que se desmantela.

– Liña eléctrica de media tensión aérea de dobre circuito, a 15 kV, cunha lonxitude de 0,051 km, condutor LA-110 mm<sup>2</sup>, con orixe en apoio existente nº D9 da LMTA DC CRN705-CRN709 e final no novo apoio proxectado nº D10 que se instalará na actual localización do CT Faísca.

– Tramo soterrado de liña da CRN709, a 15 kV, cunha lonxitude de 0,082 km, condutor RHZ1-2OL 12/20 kV 3X240 mm<sup>2</sup>, con orixe no PAS para instalar en apoio proxectado nº D10 e final en empalmes para realizar na LMTS existente, despois de facer entrada e saída no CT proxectado.

– Tramo soterrado de liña da CRN705, a 15 kV, cunha lonxitude de 0,023 km, condutor RHZ1-2OL 12/20 kV 3X240 mm<sup>2</sup>, con orixe no PAS para instalar en apoio proxectado nº D10 e final en empalmes para realizar na LMTS existente.



## 2. Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014 pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas,



de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e governo aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/installaciones-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica e, de ser o caso, achegar as alegacións ou observacións que xulguen axeitadas no prazo de trinta (30) días, contados a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo.

A Coruña, 26 de xuño de 2025

Isidoro Martínez Arca  
Director territorial da Coruña





## ANEXO

**Relación de bens e dereitos afectados. Concello de Narón  
LMT, CTC, RBT Faisca**

Nº parcela	Lugar e referencia catastral	Cultivo	Propietario/a	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m <sup>2</sup>	ml aér.	ml sot.	m <sup>2</sup> aér.	m <sup>2</sup> sot.
1	Avda. Souto Vizoso Ref. catastral: 6167281NJ6166N0000IJ	Prado	María Luisa Seselle Girgado Tomás Rodríguez Palomares	CTC	17.0				

## Abreviacións:

ml aér.: lonxitude da servidume aérea en metros lineais.

ml sot.: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais.

m<sup>2</sup> aér.: superficie de servidume aérea en m<sup>2</sup>.m<sup>2</sup> sot.: superficie de servidume soterrada.